Bono coidado extraordinario para familias con nenas/os de ata doce anos

Obxecto

Concesión de axudas económicas ás familias con nenos e nenas de ata doce anos de idade, estes incluídos, que teñan a súa residencia en Galicia para a conciliación da vida familiar e laboral durante o tempo de suspensión de actividade nas escolas infantís 0-3 e centros de ensino non universitario como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

Persoas beneficiarias

1. Poderán ser beneficiarias das axudas do programa Bono Coidado extraordinario os/as pais/nais, titores/as, ou as persoas que teñan en situación de acollemento familiar ou garda preadoptiva nenos/as de ata doce anos de idade residentes na CA de Galicia que se atopen nos supostos seguintes:

a. Ter unha nena ou un neno nacida/o con posterioridade ao 31 de agosto de 2007.
b. Ambos proxenitores, ou o único no caso de familias monoparentais ou proxenitores con custodia non compartida, traballando. Nos supostos de custodia compartida, este requisito entenderase referido ao tempo no que esta se exerza efectivamente, debendo presentar, nestes casos, cada proxenitor unha solicitude individual.
c. Ter uns salarios netos da unidade familiar da última mensualidade respecto do momento de presentación da solicitude, detraendo o rateo da paga extraordinaria se a houbera, ou os rendementos netos da unidade familiar no caso de persoas traballadoras autónomas, non superen os 2.500 € ou, de superalos, non sexan superiores aos 806 € per cápita.

Gastos subvencionables

Poderán ser obxecto destas axudas as seguintes actuacións dirixidas á atención de nenos e nenas menores de 12 anos e realizadas dentro do período subvencionable:

a. Contratación de servizos de atención á infancia a domicilio.
b. Contratación laboral dunha persoa empregada do fogar destinada ao coidado dos nenos e nenas. Considerararanse tamén neste suposto as ampliacións de contratos laborais preexistentes que se realicen con esta finalidade.
c. Pase a situación de excedencia por coidado de fillos/as, ou redución da xornada de traballo pola mesma causa do/da pai/nai, titor/a, ou a/s persoa/s que teñan o neno ou nena en situación de acollemento familiar ou garda preadoptiva, sempre que supoña unha redución efectiva nas retribucións.

Considerararanse tamén as reducións da xornada de traballo preexistentes que se adaptasen ou modificasen con esta finalidade. Non serán obxecto de subvención os períodos durante os que se perciba a prestación por nacemento ou coidado de persoa menor no marco da normativa da Seguridade Social.

Tipo de axuda e contía

A axuda pode acadar ata o 100 % do custo da contratación ou do importe da redución das retribucións cun límite máximo global de 500 €/mes por unidade familiar beneficiaria.

O período subvencionable comprenderá **desde o 16 de marzo ata que se levante a suspensión das actividades** como medida preventiva de saúde pública nas escolas infantís 0-3 e nos centros de ensino non universitarios non podendo estenderse, en ningún caso, máis alá do exercicio orzamentario vixente.

Compatibilidade

A percepción destas axudas é compatible con outras subvencións, axudas e ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado, sen poder superar o custo do servizo recibido.

Prazo

Ata o **13 de xullo de 2020**

MÁIS INFORMACIÓN:

NOS SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO PRESENCIAL OU TELEFONICAMENTE

981504000 / 0981504029

NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA TELEFONICAMENTE

981504155